


Sarmiento visto por Filgueira: o antecedente sarmentiano do Seminario de Estudos Galegos

Nesta achega, tentarei dar noticia do antecedente sarmentiano do Seminario de Estudos Galegos, que aparece claramente reflectido nos escritos do profesor Filgueira Valverde. É ben sabido que o 12 de outubro de 1923 un grupo de mozos da Universidade de Santiago fundara o Seminario de Estudos Galegos (SEG). Sobre o grupo fundador existen distintas versións, segundo se considere a xuntanza inicial ou a celebrada na casa de Rosalía en Ortoño. En todas elas aparece Filgueira Valverde que, daquela, era un estudante de dezasete anos.



O SEG organizouse en seccións e tivo o mérito de integrar as principais figuras do galeguismo como Risco, Otero Pedrayo, Castelao ou Losada Diéguez, por citar unicamente algunhas das máis relevantes. O Seminario de Estudos Galegos ocupouse dos máis diversos eidos da realidade galega, tal como se pode comprobar na denominación das súas seccións, que foi variando cos anos. O profesor Antón Costa (2010) afirma que o SEG era unha “homenaxe amorosa a Sarmiento” e ao seu Plan de Estudos para Galicia de 1771. Baseándose no escrito por Alfonso Mato (2001) acerca do SEG, o citado profesor indica a modo de exemplo que en 1934 as seccións eran as seguintes:

Arte e literatura: Afonso Rodríguez Castelao.

Xeografía: Ramón Otero Pedrayo (profesor do Instituto de Ourense)

Etnografía e Folclore: Vicente Risco (profesor da Escola Normal de Ourense).

Historia: Vacante polo pasamento do Dr. Cabeza de León.

Ciencias Aplicadas: Manuel Gómez Román (arquitecto).

Pedagogía: Manuel Díaz Rozas (inspector-xefe do ensino primario na Coruña).

Arqueoloxía e Historia da Arte: Xesús Carro García (cóengo compostelano).

Filoloxía: Paulino Pedret Casado (cóengo compostelano).

Historia da Literatura: Xosé Filgueira Valverde (profesor do Instituto de Pontevedra).

C. Sociais, Xurídicas e Económicas: Lois Tobío Fernández (profesor da Universidade).

Ciencias Naturais: Lois Iglesias Iglesias (profesor da Universidade).

Laboratorio de Xeoquímica: Isidro Parga Pondal (profesor da Universidade).

Prehistoria: Florentino López Cuevillas (arqueólogo).

Laboratorio de Psicotecnia: Antonio Iglesias Vilarelle (profesor universitario).

Pódese comprobar facilmente que o SEG non só se ocupou de temáticas que xa gozaban de aprecio en Galicia, senón que lle deu un pulo importante á investigación en ciencias experimentais centrada na nosa terra e tamén á realización de un plan pedagóxico novidoso, sempre pensando na cultura galega con proxección internacional, consonte as tendencias europeas máis modernas naquela altura. Esta obra —ilusionante e prometedor— sería derrubada polo golpe de xullo do 36 e posterior ditadura do Xeneral Franco.

Ocuparémonos, agora, dos antecedentes do SEG, tal como relata Filgueira Valverde na súa obra. No ano 1944 créase un instituto denominado Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (IEGPS) adscrito ao CSIC. Na xuntanza fundacional están, entre outros, Francisco Javier Sánchez Cantón e Filgueira Valverde, que son as dúas figuras que nos interesan a efectos de pescudar os antecedentes aos que veño de referirme.

O nome de Padre Sarmiento é iniciativa de Filgueira Valverde e de Sánchez Cantón (este último era, segundo Filgueira, o mellor coñecedor da obra de Sarmiento, pois xa a revisara sendo estudante en Madrid), tal como nolo conta o propio Filgueira en 1946, na sesión inaugural do IEGPS, e nunha publicación de 1947, nunha disertación sobre El Plan de Investigación de Estudios Gallegos, ideado polo P. Sarmiento, a cuxa obra se referirá cando di: "a obra inxente de Fr. Martín Sarmiento enceta o rexurdimento de Galicia. Poucos galegos terán amado máis e coñecido mellor a súa Terra e o seu Pobo".

Relata Filgueira que entre 1923 e 1934 intentaran seguir no SEG as liñas do Plan Proposto por Sarmiento e que, ademais, se poderían editar libros de divulgación, unha Historia Natural de Galicia, realizar cursos de Ciencias Naturais... Láíase naquela sesión inaugural do IEGPS da desaparición do SEG "en mal hora Interrumpido" e dirá: "Agora, outórgaselle a Sarmiento o que daquela se lle tiña que ter outorgado: O Padroado sobre os estudos de Galicia".

Sobre o Plan de investigación de Sarmiento volverá Filgueira, de maneira case obsesiva, nos seus escritos de 1972, 1981 e 1994. Por exemplo, en 1981, de novo, o profesor Filgueira afirma que "este Plano de Estudios Galegos é precursor do Seminario de Estudos Galegos, da Misión Biolóxica de Lourizán, do Seminario de Estudios P. Sarmiento, da Real Academia Galega e doutras institucións galegas existentes hoxe, que tardaron máis de 200 anos en

fundarse, desde Fr. Martín propuxese o seu plano. Neste Plano, un alethophilo, moitos alethophilos, espallados ou xuntos, traballarán a partir dos mesmos principios e coa mesma finalidade”.

Mais, que propuña Sarmiento?

O *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega* será a obra escollida por Sarmiento para resumir o seu pensamento verbo dun plano galego de estudos e investigacións. Dunha maneira absolutamente moderna e adiantada ao seu tempo, comeza por reseñar a bibliografía precisa para elaborar “O plano de estudios e investigacións de Galicia e para Galicia”, tal como expresei noutro lugar (Álvarez-Lires, 2000) e ademais propón que se editen textos en galego, así como obras científicas sobre Xeografía Galega, Historia Natural de Galicia, etc. Todas estas preocupacións pódense achar na vasta obra do insigne bieito, pero nesta obra concreta as súas propostas e engade que é preciso que se leve a cabo un traballo colectivo, realizado por doce Alethophilos (indagadores da verdade), que terían a súa sede en Santiago, para investigar nos arquivos e bibliotecas, ademais de relacionarse cos múltiples "literatos" [científicos] que alí habería, aínda que nas "benignas estaciones" fosen traballar á "mariña" pontevedresa, aos pazos de Malvar e Lourizán, onde se poderían criar toda clase de "vegetables".

Nunha liña que lle é moi querida pensa na formación dunha Biblioteca, e fai unha relación dos títulos escollidos que nela debe haber, laiándose de que como non hai obras de Xeografía, Historia, Botánica, etc. de Galicia, haberá que conformarse con adquirir títulos xerais.

As liñas de investigación (diríamos hoxe) que propón, aparecen nun plano que denomina de "Cuadernos" coas seguintes temáticas:

1º.- Lengua. Etimoloxías.

2º.- Geografía. Toponimias.

3º.- Historia Natural, con sus voces.

4º.- Inscripciones, monedas, pesos, medidas, fechas, épocas.

5º.- Fórmulas y costumbres singulares (Hoxe diríamos, Etnografía, floklore, antropoloxía cultural, etc.).

6º.- Diplomática

Despois de examinar os escritos do profesor Filgueira Valverde, non me cabe a menor dúbida de que sempre considerou unha honra e un deber executar o testamento “espiritual” de frei Martín Sarmiento e semella, a expensas de estudos máis detallados, que non é preciso buscar as raíces do Seminario de Estudos Galegos fóra da nosa terra. Que os principios fundacionais do SEG cadren cos de outras institucións como a ILE ou o Seminario d’Estudis Cataláns non é de estrañar, pois é ben sabido polos estudos de historia da ciencia que xorden ideas, inventos, descubertas e institucións en distintos lugares ao mesmo tempo e con enfoques semellantes.

Mari A. Lires

Universidade de Vigo